



INSTRUCCIÓN VII/2013 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA QUE SE REGULA A DOTACIÓN DE VESTIARIO PROFESIONAL AO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS QUE TEN A CATEGORÍA DE CONDUTOR E PARA O PERSOAL DE ACTOS OFICIAIS

A disposición adicional quinta do vixente Convenio Colectivo para o persoal laboral da USC establece que en materia de roupa de traballo e vestiario, a Universidade proporcionaralles anualmente aos/ás traballadores/as as pezas de roupa necesarias para o desenvolvemento das súas funcións. A subministración de vestiario implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

Co fin de que a dotación e recollida das prendas se leve a cabo coa debida coordinación e puntualidade e, unha vez negociado co Comité Intercentros, a xerenta, en uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 1 de agosto de 2011 (DOG do día 18 de agosto), dispón:

1. SOLICITUDE DE PRENDAS DE TRABALLO

O impreso de solicitude de prendas de traballo correspondentes ao ano 2013, cubrirase e presentárase persoalmente no Servizo de Xestión de Persoal (Casa da Balconada, Rúa Nova 6) e na Vicexerencia de Lugo (Servizos Centrais, Campus Universitario, 27002-Lugo).

Os traballadores con dereito ao vestiario que se relaciona no anexo a esta instrución son os que prestan servizos en actos oficiais e os que teñen a categoría de condutor.

2. PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será dende o 22 de abril ata o 22 de xullo do ano 2013 en horario de 9 a 14.

3. PROCEDEMENTO

3. 1. Ao/Á traballador/a entregáraselle un resgardo selado polo Servizo de Xestión de Persoal ou pola Vicexerencia de Lugo no momento en que presente a solicitude.

3. 2. Os/As traballadores/as deberán acudir co resgardo á empresa **Hnos. Cierzo Gestal S.C., Fte. De San Antonio, nº 6; 15702, Santiago de Compostela**, para que esta anote o vestiario solicitado e tome as medidas para a tallaxe das prendas e do calzado.

3. 3. O/A traballador/a entregaralle o resgardo asinado á empresa concesionaria única e exclusivamente no momento de recibir as prendas solicitadas. A perda ou entrega indebida do resgardo, quedará baixo a responsabilidade total do/da traballador/a solicitante.

4. OBRIGA DE USO DA ROUPA DE TRABALLO

A subministración de vestiario de traballo implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

5. FACTURACION DA EMPRESA CONCESIONARIA

A empresa concesionaria facturará á Universidade os importes correspondentes, acompañando os resgardos que deben estar debidamente asinados polos/as traballadores/as e co selo do Servizo de Xestión de Persoal ou da Viceserencia.

En todo o non regulado nesta instrución estarase ao disposto na xa mencionada disposición adicional quinta do Convenio Colectivo.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2013

A xerenta



María Lourdes Batán Aira

ANEXO A INSTRUCCIÓN DE ROUPA DE TRABALLO

ROUPA TRABALLO 2013 CONDUTORES E PERSOAL DE ACTOS OFICIAIS		
CATEGORÍA	Nº prendas	ROUPA DE TRABALLO

Condutores	1	funda
	1	gabardina ou abrigo
	2	traxes
	4	camisas
	2	gravatas
	2	pares de carpíns
	2	pares de zapatos

Persoal actos oficiais (Cada 2 anos)	1	traxe
	2	camisas
	1	gravata